

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE DECEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 5 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 2b e 2d)
D. Secundino Otero Faílde (asiste ao punto 1)
D. José Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 2a e 3)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b e 2d, 4a, 4c, 6 e 9a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 30 de novembro de 2018**

Apróbase a acta do 30 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos "WIFI" (8.619-113) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 30 de novembro de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. para que puidese emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación (concretamente, non declaraba a solvencia técnica no DEUC)

O citado licitador presentou a documentación requirida dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 1 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.
2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
3. OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.
4. MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.
5. ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
6. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
7. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
8. HORDESCON, S.L.
9. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
10. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
11. NAROM, S.L.
12. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- ASFALGAL, TÉCNICAS VIARIAS, S.L.: deberá emendar o documento europeo único de contratación (DEUC) e achegar debidamente cumprimentado o anexo VII do PCAP "grupo de empresas".

Respecto do DEUC, dado que a clasificación neste procedemento é obrigatoria, deberá indicar esta circunstancia no punto A da parte II, así como os lotes aos que se presenta. Tamén deberá cumprimentar as partes III "motivos de exclusión" e IV "criterios de selección" xa que no documento presentado non constan.

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.: deberá presentar o DEUC debidamente cumprimentado.

A única documentación que consta no sobre A é unha carátula onde se indican, ademais do procedemento, determinados datos do licitador, entre eles o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Comunidade Autónoma.

- Os licitadores que deseguido se relacionan deberán achegar debidamente cumprimentado o anexo VII do PCAP “grupo de empresas” para os efectos previstos no artigo 86 do RXLACP:

- OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
- OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.

* A información relativa a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. consta no expte. 74-441

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.
 - ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.
 - CONSULTORÍA INTEGRAL DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES, S.L.
 - NOR-PREVENCIÓN, S.L.
- Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 20-11-2018, para a contratación por procedemento aberto das “Obras de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas. EXPTE. 122-441” que rematou o día 3 de decembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. LOPEZ y LEIS, S.A.
3. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
4. SITEXCA 2016, S.L.
5. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
6. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
7. CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA
8. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
9. PRACE OBRAS Y SERVICIOS, S.A.
10. INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.
11. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
12. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.
13. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
14. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
15. SESTRAMA IBERICA, S.L.
16. ELSAMEX, S.A.
17. ORECO, S.A.
18. NAROM SL
19. PROYECON GALICIA, S.A.
20. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
21. MONTAJES J M IGLESIAS, S.L.
22. SIELVIGO
23. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Así mesmo, presentou oferta a través do rexistro electrónico, a empresa EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L. (DOC. 180193292)".

Informa a secretaria que EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L. non presentou a súa oferta a través da plataforma de licitación electrónica segundo o esixido na cláusula 13.5 do PCAP ("A presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo, na seguinte ligazón <https://licitacion.vigo.org/licitacion> e de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16ª e 17ª"), senón que presentou dous escritos nas datas 3 e 4 de decembro nos que indica "Ante la imposibilidad de presentar la licitación del expediente de referencia, se adjunta a través de esta página. Se ha intentado el registro como licitadores y a pesar de enviar el justificante de entrega, a la hora de realizar el tramite indica que no estamos de alta" e aos que achega o Documento Europeo Único de Contratación e a proposición avaliable a través de fórmula sen encriptar, desvelando o segredo da súa oferta.

O Servizo de Contratación púxose en contacto coa empresa encargada da licitación electrónica quen confirma que a empresa foi correctamente dada de alta no aplicativo se ben non lle consta ningún intento de envío de oferta. Confirma así mesmo, que o licitador non se puxo en contacto en ningún momento co soporte a empresas que ofrece o aplicativo e cuxo enlace se recolle na cláusula 14.1 do PCAP (<http://www.nexus-it.es/soluciones/plyca/soporte-empresas/>).

En todo caso, a cláusula 14 do PCAP prevé "No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) "pegada dixital" que se mostrará en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo.

O sobre electrónico xerado e asinado deberá ser entregado en soporte electrónico ou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións".

En consecuencia, o licitador nin presentou a súa oferta a través da plataforma de licitación electrónica nin utilizou a posibilidade prevista no PCAP cando por razóns técnicas de comunicación non imputables ao licitador non puides presentarse a oferta mediante a canle electrónica. En definitiva, o licitador non cumpriu os requisitos de presentación da súa oferta esixidos no PCAP e desvelou o segredo da súa oferta.

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
 2. LÓPEZ Y LEIS, S.A.
 3. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
 4. SITEXCA 2016, S.L.U.
 5. CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.
 6. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
 7. CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
 8. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 9. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 10. INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.
 11. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
 12. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
 13. ORECO, S.A.
 14. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
 15. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
 16. SESTRAMA IBÉRICA, S.L.
 17. ELSAMEX, S.A.U.
 18. NAROM, S.L.
 19. PROYECON GALICIA, S.A.
 20. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
 21. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
 22. SIELVIGO, S.L.
 23. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que acheguen o anexo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VII do PCAP “grupo de empresas” debidamente cumprimentado para aos efectos do previsto no artigo 86 do RXLCAP:

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. LÓPEZ Y LEIS, S.A.
3. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
4. SITEXCA 2016, S.L.U.
5. CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
6. INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.
7. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
8. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
9. SESTRAMA IBÉRICA, S.L.
10. ELSAMEX, S.A.U.
11. PROYECON GALICIA, S.A.
12. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
13. SIELVIGO, S.L.
14. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

* A información relativa a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. consta no expte. 74-441 e a de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. no expte 75-441

- c) Non admitir neste procedemento a EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos nas cláusulas 13 e 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado a súa oferta sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

O artigo 139.2 da LCSP establece que “*as proposicións serán segredas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación*”. A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque o licitador achegou a través do Rexistro Xeral a súa oferta sen encriptar.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de suministro e servizos dunha rede sen fíos “WIFI” (8.619-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación en materia de seguridade e saúde laboral do persoal do Concello de Vigo (327-2202)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

QUIRON PREVENCIÓN, S.L.U.

Propón as seguintes baixas proporcionais (% nº) para os prezos unitarios indicados no apartado 3.G desta FEC:

- a) Formación presencial teórica 34,37 %
- b) Formación presencial práctica impartida integramente polo SPA (1 formador) 40%
- c) Formación presencial práctica se fose necesaria a presenza simultánea de dous formadores ou un formador e un recurso preventivo aportado pola empresa 50 %
- d) Formación presencial práctica: Supervisión por técnico de prevención de riscos laborais do SPA da formación impartida por un traballador ou traballadora do concello 25 %
- e) Formación on-line 50 %
- f) Curso de nivel básico en prevención de riscos laborais modalidade semi-presencial de 50 h (cun mínimo de 15 horas presenciais) 25 %

Incrementa os medios persoais a adscribir ó contrato sinalados no apartado 5.F desta FEC (5 técnicos superiores en PRL) en:

- a) Incrementa en 2 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de Seguridade no traballo.
- b) Incrementa en 2 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de hixiene industrial.
- c) Incrementa en 1 técnico superior en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de ergonómia e psicocioloxía aplicada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da exixida no apartado 5.F desta FEC:

- a) Técnico 1: 18 anos.
- b) Técnico 2: 17 anos.
- c) Técnico 3: 19 anos.
- d) Técnico 4: 24 anos.
- e) Técnico 5: 17 anos.
- f) Técnico 6: 19 anos.
- g) Técnico 7: 21 anos.
- h) Técnico 8: 17 anos.
- i) Técnico 9: 17 anos.

Os medios persoais á adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación en metodoloxía:

- a) Técnico 1: 300 horas.
- b) Técnico 2: 471 horas.
- c) Técnico 3: 300 horas.
- d) Técnico 4: 300 horas.
- e) Técnico 5: 400 horas.
- f) Técnico 6: 300 horas.
- g) Técnico 7: 340 horas.
- h) Técnico 8: 300 horas.
- i) Técnico 9: 300 horas.

Os medios persoais á adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación complementaria:

- a) Técnico 1: 215 horas.
- b) Técnico 2: 899 horas.
- c) Técnico 3: 219 horas.
- d) Técnico 4: 161 horas.
- e) Técnico 5: 244 horas.
- f) Técnico 6: 290 horas.
- g) Técnico 7: 279 horas.
- h) Técnico 8: 845 horas.
- i) Técnico 9: 1.242 horas.

ASPY PREVENCIÓN, S.L.U.

Propón as seguintes baixas proporcionais (% nº) para os prezos unitarios indicados no apartado 3.G desta FEC:

- a) Formación presencial teórica 25 %
- b) Formación presencial práctica impartida integramente polo SPA (1 formador) 25 %
- c) Formación presencial práctica se fose necesaria a presenza simultánea de dous formadores ou un formador e un recurso preventivo aportado pola empresa 33,33 %



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- d) Formación presencial práctica: Supervisión por técnico de prevención de riscos laborais do SPA da formación impartida por un traballador ou traballadora do concello 25 %
- e) Formación on-line 28,57 %
- f) Curso de nivel básico en prevención de riscos laborais modalidade semi-presencial de 50 h (cun mínimo de 15 horas presenciais) 16,67 %

Incrementa os medios persoais a adscribir ó contrato sinalados no apartado 5.F desta FEC (5 técnicos superiores en PRL) en:

- a) Incrementa en 2 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de Seguridade no traballo.
- b) Incrementa en 2 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de hixiene industrial.
- c) Incrementa en 2 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de ergonómia e psicocioloxía aplicada.

Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da exixida no apartado 5.F desta FEC:

- a) Técnico 1: 18 anos.
- b) Técnico 2: 14 anos.
- c) Técnico 3: 14 anos.
- d) Técnico 4: 9 anos.
- e) Técnico 5: 6 anos.

CONSULTORIA INTEGRAL DE PREVENCION DE RIESGOS LABORALES, S.L.

Propón as seguintes baixas proporcionais (% nº) para os prezos unitarios indicados no apartado 3.G desta FEC:

- a) Formación presencial teórica 38 %
- b) Formación presencial práctica impartida integramente polo SPA (1 formador) 25 %
- c) Formación presencial práctica se fose necesaria a presenza simultánea de dous formadores ou un formador e un recurso preventivo aportado pola empresa 25 %
- d) Formación presencial práctica: Supervisión por técnico de prevención de riscos laborais do SPA da formación impartida por un traballador ou traballadora do concello 35 %
- e) Formación on-line 30 %
- f) Curso de nivel básico en prevención de riscos laborais modalidade semi-presencial de 50 h (cun mínimo de 15 horas presenciais) 25 %

Incrementa os medios persoais a adscribir ó contrato sinalados no apartado 5.F desta FEC (5 técnicos superiores en PRL) en:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Incrementa en 4 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de Seguridade no traballo.
- b) Incrementa en 4 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de hixiene industrial.
- c) Incrementa en 4 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de ergonomía e psicopsicología aplicada.

Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da exixida no apartado 5.F desta FEC:

- a) Técnico 1: 12 anos.
- b) Técnico 2: 9 anos.
- c) Técnico 3: 16 anos.
- d) Técnico 4: 16 anos.
- e) Técnico 5: 8 anos.
- f) Técnico 6: 9 anos.
- g) Técnico 7: 9 anos.
- h) Técnico 8: 11 anos.
- i) Técnico 9: 14 anos.

Os medios persoais á adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación en metodoloxía:

- a) Técnico 1: 240 horas.
- b) Técnico 2: 240 horas.
- c) Técnico 3: 40 horas.
- d) Técnico 4: 40 horas.
- e) Técnico 5: 80 horas.
- f) Técnico 6: 80 horas.
- g) Técnico 7: 80 horas.
- h) Técnico 8: 80 horas.
- i) Técnico 9: 180 horas.

Os medios persoais á adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación complementaria:

- a) Técnico 1: 250 horas.
- b) Técnico 2: 250 horas.
- c) Técnico 3: 150 horas.
- d) Técnico 4: 150 horas.
- e) Técnico 5: 250 horas.
- f) Técnico 6: 250 horas.
- g) Técnico 7: 150 horas.
- h) Técnico 8: 150 horas.
- i) Técnico 9: 250 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 10 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

NOR-PREVENCIÓN, S.L.

Propón as seguintes baixas proporcionais (% nº) para os prezos unitarios indicados no apartado 3.G desta FEC:

- a) Formación presencial teórica 12,50 %
- b) Formación presencial práctica impartida integramente polo SPA (1 formador) 37,50 %
- c) Formación presencial práctica se fose necesaria a presenza simultánea de dous formadores ou un formador e un recurso preventivo aportado pola empresa 30 %
- d) Formación presencial práctica: Supervisión por técnico de prevención de riscos laborais do SPA da formación impartida por un traballador ou traballadora do concello 40 %
- e) Formación on-line 21,43 %
- f) Curso de nivel básico en prevención de riscos laborais modalidade semi-presencial de 50 h (cun mínimo de 15 horas presenciais) 14,44 %

Incrementa os medios persoais a adscribir ó contrato sinalados no apartado 5.F desta FEC (5 técnicos superiores en PRL) en:

- a) Incrementa en 4 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de Seguridade no traballo.
- b) Incrementa en 4 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de hixiene industrial.
- c) Incrementa en 4 técnicos superiores en prevención de riscos laborais cunha experiencia laboral mínima de cinco anos como técnico superior en prevención de riscos laborais e formación na especialidade de ergonómia e psicocioloxía aplicada.

Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ó contrato a maiores da exixida no apartado 5.F desta FEC:

- a) Técnico 1: +15 anos.
- b) Técnico 2: +15 anos.
- c) Técnico 3: +15 anos.
- d) Técnico 4: +15 anos.
- e) Técnico 5: +15 anos.
- f) Técnico 6: +15 anos.
- g) Técnico 7: +15 anos.
- h) Técnico 8: 14 anos.
- i) Técnico 9: 14 anos.

Os medios persoais á adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación en metodoloxía:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Técnico 1: 300 horas.
- b) Técnico 2: 300 horas.
- c) Técnico 3: 380 horas.
- d) Técnico 4: - horas.
- e) Técnico 5: 300 horas.
- f) Técnico 6: 300 horas.
- g) Técnico 7: - horas.
- h) Técnico 8: 180 horas.
- i) Técnico 9: - horas.

Os medios persoais á adscribir á execución do contrato ten a seguinte formación complementaria:

- a) Técnico 1: 270 horas.
- b) Técnico 2: 411,5 horas.
- c) Técnico 3: 819 horas.
- d) Técnico 4: 194 horas.
- e) Técnico 5: 360 horas.
- f) Técnico 6: 64 horas.
- g) Técnico 7: 38 horas.
- h) Técnico 8: 299 horas.
- i) Técnico 9: 39 horas.

Asiste á apertura: D^a. J.S.R., en representación de NOR-PREVENCIÓN, S.L. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento prazo garantía mínimo (5 anos)
1	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	201.062,55	24 meses
2	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	231.473,00	24 meses
3	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	216.832,00	24 meses
4	SITEXCA 2016, S.L.U.	211.084,50	24 meses
5	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	253.525,64	24 meses
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	239.319,85	24 meses
7	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	233.654,78	24 meses



	Licitador	Redución do prezo	Incremento prazo garantía mínimo (5 anos)
8	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	207.493,00	24 meses
9	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	243.335,45	24 meses
10	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.	214.133,70	24 meses
11	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	206.201,24	24 meses
12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	223.411,42	48 meses
13	ORECO, S.A.	268.001,68	24 meses
14	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	227.359,00	24 meses
15	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	290.120,33	0 meses
16	SESTREMA IBÉRICA, S.L.	235.273,22	24 meses
17	ELSAMEX, S.A.U.	211.750,00	24 meses
18	NAROM, S.L.	219.418,50	24 meses
19	PROYECON GALICIA, S.A.	249.120,85	24 meses
20	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	189.747,11	24 meses
21	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	202.784,54	24 meses
22	SELVIGO, S.L.	193.883,12	24 meses
23	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	198.318,84	24 meses

Asiste á apertura D. M.A.V., en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica/Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441)

A secretaria informa aos membros da Mesa do único licitador presentado a este procedemento (GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.) segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



	Licitador	Menor prezo ofertado (€/cuadrimestre) do termo variable total
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	62.963,13

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula" e no apartado 7B do Anexo I -FEC-, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a seguinte puntuación:

	Licitador	Puntuación total
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	100 puntos

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 3 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por ter formulado unha oferta incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 3 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por ter formulado unha oferta incursa en presunción



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 14 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)

Retírase da orde do día.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441)

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acreditación da solvencia económica esixida no apartado 5 das FEC, así como da habilitación esixida no apartado 5F ("*deberá figurar no listado de comercializadores de gas natural que publica a Comisión Nacional de Enerxía na súa páxina web*"). A solvencia técnica xa foi presentada na proposición.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) na seguinte orde descendente:

- *Lote 1 “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”:*

Empresas licitadoras	Puntuación total
APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L.	97,75
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	59,49

- *Lote 2 “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”:*

Empresas licitadoras	Puntuación total
APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L.	92,37
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	60,04

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP)

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (agás a escritura de constitución e a solvencia técnica por ter presentado a documentación acreditativa no Sobre A).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., o día 21 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante nos dous lotes é a formulada por APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 19 de outubro e 5 de novembro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Adxudicar a APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320):

1. Lote 1 *“Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, por un prezo total de 40.075,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.027,00 euros e cun tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.*
2. Lote 2 *“Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”, por un prezo total de 34.727,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.955,20 euros e coas seguintes condicións:*
 - a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:
 - Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
 - Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)
 - b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 18 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	TERMOCALOR VIGO, S.L.	100
2	MEDANCLI, S.L	43,78

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., o día 21 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida 4 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERMOCALOR VIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TERMOCALOR VIGO, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 8 de novembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TERMOCALOR VIGO, S.L. o procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) por un prezo total de 60.829,49 euros, sendo o importe do IVE de 10.557,18 euros e cun incremento do prazo mínimo de garantía de 36 meses (total 60 meses).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:50	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A841-CFDF84-DD3AB6-WBPDY2-MQ2YZ2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		